

“PRIMAVERA MÁXICA 2009”

O vindeiro venres día 3 DE ABRIL terá lugar a terceira actuación do programa “Primavera Máxica 2009” no Edificio de Servizos Múltiples do Burgo ás 19:30 horas coa presentación do espectáculo “FEITIZO” a cargo do Mago MARTÍN CAMIÑA.

A terceira actuación desta “Primavera Máxica 2009” virá da man do **Mago Martín Camiña** no Edificio de Servizos Múltiples do Burgo ás 19:30 horas o vindeiro venres día 3 de abril co seu espectáculo “Feitizo”.

“Feitizo” é un espectáculo que mestura a maxia, o humor e a participación do público, percorrendo os diferentes estilos na arte da ilusión.

Feitizo é o conxunto de prácticas destinadas a conseguir un efecto máxico ou extraordinario.

Quen non soñou con dominar elementos intanxibles como o fume, ou adiantarse ao pensamento dalguén, ou trocar de cor as cousas. Como se dunha fonte máxica se tratase, das mans saíran continuamente as cartas, as ataduras diarias dos nosos problemas, que nos oprimen, reflectíranse no escape da camisa de forza, ou a folla dunha guillotina descenderá irremediabilmente para separar o real da ilusión.

Todo isto e máis: cigarros, panos, cordas, xornais, billetes, espadas, etc., serán só algúns dos ingredientes deste feitizo, no que todos os momentos estarán recubertos pola música ou a palabra, que trasladarán o espectador a un mundo máxico: o da emoción.

Martín Camiña ten acadado os seguintes Premios:

1. -3º Premio Nacional de Maxia de Preto (San Sebastián, 2002).
2. -3º Premio de Maxia de Preto na XV edición da Trovada Internacional de

Magos, (Almussafes-Valencia, 2007).

3. -3º Premio do Congreso da Asociación Portuguesa de Ilusionismo (Albufeira-Algarve, 2007).

É membro dos seguintes colectivos e asociacións:

1. MPGA (Magos Profesionais de Galicia)
2. SEI (Sociedade Española de Ilusionismo).
3. SAM (Sociedade Americana de Magos)

Maxia dirixida a: festivais, empresas, festas privadas, tv, congresos, presentador de espectáculos,convencións.

Esta maxia pasou por: teatros, auditorios, eventos de empresa, congresos máxicos, festas privadas, tv, etc.

Culleredo 30 de marzo de 2009.

O concelleiro de cultura

Asdo.: Celestino Poza Domínguez



Martín Camiña: 676 135 690